

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE POIO PARA A ADQUISICIÓN DE TERREO PARA MELLORA DE INSTALACIÓNS RECREATIVAS E DEPORTIVAS EXISTENTES NA ZONA DE VILARIÑO

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Poio o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Poio para a adquisición por parte do Concello do terreo con referencia catastral 6312069NH2061S0001UL, cunha superficie de 1.754, m² sito no lugar de Vilariño de Abaixo, cun prezo de adquisición de 40.000 €.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o impulso e a execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a súa oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

No exercicio das súas funcións, executa as medidas definidas para a promoción e o fomento do sector turístico de Galicia, leva a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.



Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos..

Segundo.- O Concello de Poio manifestou a necesidade extraordinaria de asistencia por parte da Xunta de Galicia no seu afán de ampliar a área recreativa existente na zona de Vilariño coa finalidade de mellorar e integrar a zona poñendo en valor a contorna existente. Esta zona, actualmente conta cun parque infantil, unha fonte, un lavadoiro e un cruceiro, polo que ve necesario a adquisición deste terreo na parroquia de Vilariño, para dotar deses servizos á poboación do municipio.

A parroquia de Vilariño ten unha parcela coa referencia catastral 6312069NH2061S0001UL, sita na Rúa Vilariño de Abaixo, no lugar de Vilariño, na parroquia de San Salvador que conta cunha superficie catastral de 1.754 m²(aínda que na escritura de pacto de mellora figura 1.445 m²), situada conforme co Plan Xeral de Ordenación Municipal en solo de núcleo rural tradicional.

A finalidade que se pretende coa adquisición da parcela é a ampliación da área recreativa da zona de Vilariño. Na actualidade na zona Suroeste da parcela existe un pequeno parque infantil de uso público, o cal se pretende ampliar, posto que xa alcanzou a súa capacidade máxima e require dunha ampliación para atender a crecente demanda de usuarios. Ademais, na marxe contraria a parcela, existe unha pequena explanada cunha fonte.

Por outro lado, preténdese crear unha zona de espaxamento, dotándoa de mobiliario urbano como bancos, mesas, papeleiras..., onde os usuarios poidan descansar e socializar. Ademais, a zona carece de espazos onde practicar deporte, polo que se considera necesario a creación unha pista multi-deporte, ofrecendo un espazo seguro e versátil para a práctica de diferentes deportes (fútbol sala, baloncesto, etc).

O Concello considera fundamental a adquisición da parcela para ampliar e mellorar as instalacións recreativas e deportivas do municipio, dotando ao núcleo dun área recreativa axeitada promovendo un espazo de convivencia, deporte e benestar para toda a comunidade.



Terceiro.- Que este proxecto supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma xa que este concello foi declarado Municipio Turístico o 2 de xuño do ano 2000. Así, os convenios que se asinen con municipios beneficiarios da declaración de municipio turístico permitirán aumentar, diversificar e mellorar a oferta turística complementaria.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Poio de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Poio.

Cuarto.- Este proxecto supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Poio unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

